

cartafol de miraxes



Alexandre Lago Barcala

PREMIO DO XLIV CERTAME LITERARIO DO CONCELLO DE VILALBA

EDITORA
alvarellós



ALEIXANDRE LAGO BARCALA. Nado na Coruña en 1992, fixo estudos de Filosofía en Barcelona e Filoloxía Clásica en Compostela, e ata hoxe vive entre as tres devanditas cidades. Colaborou coa compañía Teatro do Atlántico en tarefas técnicas, administrativas e artísticas. Traduciulle para ela o texto *Dues dones que ballen* de J. M. Benet i Jornet, e participou no recital "De abrentes e ocasos", como intérprete e mais na escolma de textos. Colaborou con artigos de crítica na revista dixital *Parafernalia*. En 2014 obtivo o primeiro premio no XV Certame de Poesía Díaz Jácome de Mondoñedo. *Cartafol de miraxes*, gañador do XLIV Certame Literario de Vilalba, é o seu primeiro libro.

cartafol de miraxes

*Esta obra, CARTAFOL DE MIRAXES, de Aleixandre Lago Barcala,
obtivo no ano 2018 o Premio da XLIV edición
do Certame Literario do Concello de Vilalba (Lugo).
O xurado estivo composto por Consuelo Grandío Pardo
(presidenta), Darío Villanueva Prieto, Ramón Villares Paz,
Fidel Fernán Vello e Xulio Xiz Ramil (secretario).*



Concello de Vilalba

Aleixandre Lago Barcala

cartafol
de miraxes

EDITORA
alvarellos

Libros do Sarela

© ALVARELLOS EDITORA, 2019

Sempre en Galiza, 4
15706 Santiago de Compostela
correo@alvarellos.info
www.alvarellos.info

© Aleixandre Lago Barcala

© Ilustración de capa: Álvaro Peleteiro Montes

© Ilustracións interiores: Antonio Reboredo Raposo

Maqueta: Paula Cantero

Impreso en Podiprint

Depósito Legal C 285-2019

ISBN 978-84-16460-57-1

Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra só pode ser realizada coa autorización dos seus titulares, agás excepción prevista pola lei. Diríxase a CEDRO (Centro Español de Derechos Reprográficos, www.cedro.org) se precisa fotocopiar ou escanear algún fragmento desta obra.

*The root of tongues ends in a spentout cancer,
that but a name, where maggots have their X.*

DYLAN THOMAS

É DE VER que na tromba dos días as pedras da pel se espaxen
e os corpos son casas que agardan á tarde un incendio na eira.
Así as cousas: o peixe na espuma, o pole nos labios do vento,
o verme rillando nos miolos, as lentas poleas da cidade
e sobre todo o desexo, que as segue manchado de lama,
van devalando revoltos ao longo de praias en sombra.
Querer saber reseca os teus ollos, e se antes lograbas
ensarillalo futuro con sopros e nubes de pompas,
agora un fume sen fondo dilúe os contornos, ceibando
esa area que cava nos poros o rostro da morte.
Animal de falar esqueceu os engados de lámpada e biombo
que denso callaban o ser, enfermou dos pulmóns da memoria
que aviaban o soño do sangue.

Se contra a sombra e a seca
quedan oficios de fe, serán as leccións da miraxe:
unha man que reflicte bailadas de espectros no muro.
Un espazo de pasos en falso onde finxen as raíces
a súa seiva, a súa sede. Un espello que garda da chuvia
os lampos de arteria e recordo: cómpre guindármolos dados
e a ver se os recantos consenten alumear vagalumes.

NO LIMO un lumeser, un sol na lama
abala as cousas alto desde un pozo;
no limo un lume lambe, cuspe a vida
igual que unha ave rubia busca o ceo:
a vida é esvoazar, sístole de arxila.

Na limo un lume arder erma labranza:
na arxila unha ave moura reba a terra,
desgasta croios, cántaros e cravos,
derruba as árbores e a miña cara.
A arxila é verme a roer, raíz de engurra.

Un mercador, o Tempo, trata o limo
con mel de lúa,
o Temposer, señor de Tendras, tira
a pel noviña nas cunetas,

o Tempo vén abaneando a casa,
facendo estupro cos meus pergameos,
collendo as cousas (que delicadeza),
basteándoas e basteándoas,
enchendo de hordas o deserto todo.

Oh Lúa, Lúa, lambe lingua o limo,
limpe o teu labio o esluír da cousa.

Eu vou detrás de ti
(da artesanía do perfil exacto)
que es luz da verba morte que apuntala
a fírgoa e mailo tempo esmelenado.

Eu vou detrás fiando cousa e cousa,
maila tritura tralla e verme estrondo,
o T que traba e furta estes relatos
revende as verbas coma vagas vanas.

Eu contra a troula que supura e cuspe
monstros de terra e terremotos tristes
soprar afiado e fío de prata enfronto:
o poema, cousa fiel de outras idades.
Son, se consente a sorte,
un animal que desnovela sombras
á luz da lúa, locución do óso.

CANDO NACÍN, entre o zunir da noite,
coma un samargo entre silveiras solto,
ben sei que dun país en branco e negro
trouxen comigo esta muxica fónica.

Ben sei que tras de erguerme de entre a carne
abrín no mundo morno unha fronteira:
desculpa, nai.

Polos cantóns de dentro
medrou un cuarto de atlas e de flores
con lume branco e sombras bailadoras,
tristuras coma moscas, dedos lentos
trazando coma arañas noite e día;
fóra quedaban cóbregas cruzando
bosques de pernas, estronicios roucos
e mailos ollos que de amor reclaman.
Entón, levado dese dobre incendio,
marchando fronte ás marxes e as toxeias
e ao longo do herdo e a súa rede escura,
palabra souben e tanguer nas liras
dos mortos que arrecenden nos camiños.


Son muiñeiras moumeando, coma un gume
que estremece a madeira e que seitura

o tintinar das cousas non sabidas,
ou tambores de guerra que, resoando
igual que as ferraduras sobre o Trópico,
esixen voz ao mar e arrollo á terra
con prata de vitoria e subterfuxio.
E eu son feliz no estrondo deste imperio
que cada abrente rompe o mar e busca
encher de lume os límites da esfera.

Ben sei desa tocata de formigas
que pon nos feitos un cendal de sombra;
o caravel que eu amo, co seu nome,
vai nesta romaría de elementos
a se facer papel, po, paralaxe,
e as almas dan traspés, caen tras das cousas,
chapuzan entre chancas e calixe.
Ben sei que a rosa non é deste mundo.

Mudo eu modulo estes murmurios mouros
coma campás en procesión de peste,
e na noite do tigre desenredo
triángulos de luz. Unha xeada
descende desde a lúa, un leite diáfano
ou sangue de inocencia, coma un soño
de amor que envolta en refraccións a terra.
Quen vive dese lume, esa brancura.
Eu son feliz así. Coma un destino.

R
19



ALBORADA

COMA idade que nace
limpa de bágoas,
sae o sol sobor das augas.

Galopando nas ondas
chega o tesouro
ás praias e mailos ollos.

Un chiar de gaivota
no ceo proclama
conciliación oceánica.

Durme o vento nas nubes.
Pasa o silencio
sobre a espuma dos rochedos.

Na ringleira de ouro,
entre grilandas,
unha nena anda agochada,

que descorre as roseiras
do mundo e baila
co sol e coa treboada.

Fican baixo a súa seda
os afogados
xunto aos restos do naufraxio.



Pido me escoar en círculos revoltos
ao longo de mareas incesantes
onde ande unha onda na onda que andou antes
coma eco e eco no ecoar devoltos.

Que os nomes meus, pola fervenza envoltos
da vida en tromba, campen lacadantes
na lingua dos doentes e os amantes
e sigan soando sobre o espazo soltos.

E mais que un tacto, un tremelar do sangue
regrese un tris no son que tanto abrangue.
Así o demanda unha paixón nativa.

Este é o soño que dispón verdade:
se alguén pode soña-la eternidade
entón algo terá que o sobreviva.



Concello de Vilaalba

EDITORA
alvarellós